



Guía resumen
Axudas PEL 2021

GUÍA RESUMO AXUDAS PEL 2021

| | |
|---|----|
| INFORMACIÓN COMÚN A TODAS ÁS LIÑAS PEL 2021 | 4 |
| 1. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS | 4 |
| 2. EXCLUSIÓNS COMÚNS A TODAS AS LIÑAS: | 4 |
| 3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE | 4 |
| 4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE | 4 |
| 5. DOCUMENTACIÓN COMÚN A PRESENTAR EN TODAS AS LIÑAS | 4 |
| 6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E APROBACIÓN DE TODAS AS LIÑAS | 5 |
| 7. CRITERIOS DE VALORACIÓN COMÚNS | 5 |
| 9. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN | 8 |
| 10. COMPROMISOS E OBRIGAS COMÚNS | 8 |
| 11. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS | 8 |
| 12. PAGO DAS AXUDAS | 9 |
| PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2021 | 9 |
| 1. REQUISITOS | 9 |
| 2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES | 9 |
| 3. CONTÍA DA SUBVENCIÓN | 11 |
| 4. PERÍODO SUBVENCIONABLE | 11 |
| 5. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA LIÑA PEL EMPRENDE INVESTIMENTO | 11 |
| 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS | 12 |
| 7. XUSTIFICACIÓN | 12 |
| 8. COMPROMISOS E OBRIGAS ESPECÍFICAS | 12 |
| PEL-AUTONOM@S 2021 | 12 |
| 1. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS | 12 |
| 2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES e contía | 13 |
| 3. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA LIÑA PEL-AUTÓNOM@S | 14 |
| 4. COMPROMISOS E OBRIGAS ESPECIFICAS DA LIÑA | 14 |
| 5. XUSTIFICACIÓN | 14 |
| PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2021 | 14 |
| 1. REQUISITOS ESPECÍFICOS PEL-PEMES CRE/AMP: | 14 |

| | | |
|-----|--|----|
| 2. | CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES | 15 |
| 3. | CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE | 15 |
| 4. | PRAZO DE CONTRATACIÓN DO/A TRABALLADOR/A..... | 16 |
| 5. | REQUISITOS DA PERSOA CONTRATAR..... | 16 |
| 6. | TIPO DE CONTRATACIÓNS NON SUBVENCIONABLES..... | 16 |
| 7. | CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA..... | 17 |
| 8. | XUSTIFICACIÓN..... | 18 |
| 9. | DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DA LIÑA (BASE 8.2.1 DO CAPÍTULO IV) | 18 |
| 10. | DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ACREDITATIVA DA CONTRATACIÓN..... | 19 |
| 11. | DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ACREDITATIVA SEGUNDO A VALORACIÓN REALIZADA 19 | |
| 12. | COMPROMISOS E OBRIGAS..... | 20 |
| 13. | CAUSAS EXCEPCIONAIS. EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL..... | 20 |
| 14. | FORMA DE PAGO DAS NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS | 21 |
| | PEL-PEMES MANTENIMENTO 2021 | 21 |
| 1. | DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS | 21 |
| 2. | CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES | 21 |
| 3. | CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE | 22 |
| 4. | REQUISITOS DAS PERSOAS CONTRATADAS | 23 |
| 5. | TIPO DE CONTRATACIÓNS NON SUBVENCIONABLES..... | 23 |
| 6. | CRITERIOS DE VALORACIÓN | 23 |
| 7. | XUSTIFICACIÓN..... | 24 |
| 8. | DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA XUSTIFICACIÓN DE GASTOS (base 8.2. do Capítulo V) 24 | |
| 9. | COMPROMISOS E OBRIGAS..... | 24 |
| 10. | CAUSAS EXCEPCIONAIS. EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL..... | 25 |
| 11. | FORMA DE PAGO DAS NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS | 25 |

INFORMACIÓN COMÚN A TODAS ÁS LIÑAS PEL 2021

1. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS

Estas axudas van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro** e reúnan os requisitos de cada liña e os seguintes comúns:

2. EXCLUSIÓNS COMÚNS A TODAS AS LIÑAS:

Non poderán ser solicitantes as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, carentes de personalidade xurídica propia.

Tampouco poderán ser solicitantes da axuda, as asociacións, autónomos colaboradores e as corporacións de dereito público (Confrarías...).

Os/as socios/as ou accionistas dunha sociedade non poderán solicitar subvención a nivel individual se xa a presentaron como parte da sociedade.

3. PRAZO PARA PRESENTAR A SOLICITUDE

O prazo de presentación de solicitudes ven determinado na convocatoria da axuda publicada no BOP o día 10 de marzo de 2021.

Prazo aberto desde o 11 de marzo ata o 15 de abril de 2021 ás 14:00h.

4. FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

As entidades interesadas en participar na convocatoria de axudas PEL deberán comunicar a súa vontade de adhesión á convocatoria e solicitar as liñas incluídas nestas bases, a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática SUBTeL (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>)

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada liña.

5. DOCUMENTACIÓN COMÚN A PRESENTAR EN TODAS AS LIÑAS

No momento da solicitude, as entidades deberán subir á plataforma telemática SUBTeL a seguinte documentación:

- **Anexo_Xestión empresarial sostible (Descargable en SUBTeL).**

No momento da xustificación:

- Declaración de Minimis.
- Impreso de comunicación de alta de datos bancarios
- Escritura de Constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houberse)
- Certificado de Vida laboral do/a autónomo
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Documentación acreditativa de pertenza a colectivos con discapacidade, en exclusión, ou en risco de exclusión.

6. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN E APROBACIÓN DE TODAS AS LIÑAS

O procedemento de concesión da subvención das liñas recollidas nestas bases tramitarase en réxime de **concorrenza competitiva**, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Exceptúase a obriga de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, para o caso de que o crédito consignado en cada liña na convocatoria fose suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación segundo o artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN COMÚNS

Os criterios de valoración serán os criterios comúns recollidos na base 5 do capítulo I das bases reguladoras das axudas .

1. Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa (Máximo 10 puntos)

Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística IGE

| | |
|-----------------------------------|-----------|
| Menor ou igual a 2.000 habitantes | 10 puntos |
| De 2.001 a 4.000 habitantes | 7 puntos |
| De 4.001 a 5.000 habitantes | 4 puntos |
| De 5.001 a 10.000 habitantes | 2 puntos |
| De 10.001 a 19.999 habitantes | 1 punto |

2. Actividade económica do solicitante (Máximo 8 puntos)

Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante. Datos referidos á data de publicación da convocatoria

Solicitantes con actividades económicas especialmente afectadas pola pandemia COVID 19 (So aquelas recollidas no **Anexo 1** das bases):

| | |
|---|----------|
| ▪ Comercio, restauración e hospedaxe | 5 puntos |
| ▪ Servizos recreativos, culturais e espectáculos. | |
| ▪ Sanidade | |
| ▪ Actividades artísticas | |
| ▪ Deporte | |
| ▪ Transporte de viaxeiros, marítimo e aéreo | |
| ▪ Axencias de viaxes e turismo | |
| ▪ Alugamento de automóbiles sen condutor | |
| ▪ Servizos téxtiles e fotográficos | |
| ▪ Perruquerías e salóns de beleza | |

Solicitantes de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia (só aqueles indicados no **Anexo 1** das bases):

| | |
|---|----------|
| ▪ Servizos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiros | 3 puntos |
| ▪ Construción de vehículos automóbiles | |
| ▪ Outras producións de enerxía | |
| ▪ Construción naval, reparación e mantemento de buques | |
| ▪ Industrias da pedra natural e Industria extractiva | |
| ▪ Industria téxtil | |
| ▪ Artes gráficas e edición | |
| ▪ Industria de produtos alimenticios e bebidas | |
| ▪ Telecomunicacións e actividades informáticas | |
| ▪ Investigación | |

3. Tipo de empresa. Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 10 puntos) *Non aplicable á liña PEL Autónom@s

| | |
|--|-----------|
| Empresario/a individual ou autónomo/a | 10 puntos |
| Microempresa (De 0 a 10 traballadores/as por conta allea) | 8 puntos |
| Pequena empresa (De 11 a 50 traballadores/as por conta allea) | 5 puntos |
| Mediana empresa (De 51 a 250 traballadores/as por conta allea) | 3 puntos |

4. Forma xurídica da empresa enmarcada na economía social. Datos referidos á data de publicación da convocatoria (Máximo 5 puntos) *Non aplicable á liña PEL Autónom@s

| | |
|-------------------|----------|
| Cooperativa | 5 puntos |
| Sociedade Laboral | |

5. Presenza feminina dos/as promotores/as (Máximo 5 puntos)

| | |
|--|----------|
| Se a persoa promotora, no caso de persoas físicas, é unha muller, ou no caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a mulleres socias da entidade solicitante | 5 puntos |
|--|----------|

6. Presenza de persoas con diversidade funcional (Máximo 5 puntos)

| | |
|--|----------|
| Se a persoa promotora, no caso de persoas físicas, ou no caso de persoas xurídicas, un mínimo do 50% do capital social pertence a persoas socias da entidade cunha discapacidade igual ou superior ao 33% recoñecida pola Administración competente, ou se atopan en situación ou risco de exclusión social certificado polos servizos municipais correspondentes. | 5 puntos |
|--|----------|

7. Emprego da lingua galega (Máximo 2 puntos)

| | |
|--|----------|
| Emprego da lingua galega na realización das actividades ou condutas para as que se solicita a axuda. | 2 puntos |
|--|----------|

8. Xestión empresarial sostible (Máximo 5 puntos)

(Anexo dispoñible na plataforma Subtel no momento de presentar a solicitude)

Adopción de medidas nos seguintes aspectos:

| | |
|---|----------|
| ▪ Responsabilidade Social Empresarial (RSE) | 5 puntos |
| ▪ Adaptación da actividade empresarial ou creación de novas liñas derivada da nova situación da pandemia COVID-19 | |
| ▪ Innovación empresarial | |

8. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

O prazo máximo para resolver será de **6 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, de acordo co artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións.

A resolución notificarase aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no **BOP** e na **páxina web do Plan de Empleo Local** (<https://emplego.dacoruna.gal/>).

9. COMPROMISOS E OBRIGAS COMÚNS A TODAS AS LIÑAS

Os compromisos e obrigas dos beneficiarios de todas as liñas son os recollidos na base 8 do Capítulo I.

10. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

Compatibilidade Axudas PEL:

- As subvencións **PEL son compatibles entre si.**

Compatibilidade con outras axudas da Deputación:

- As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación.

Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas:

- As axudas PEL-Emprende serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos bens subvencionados por esta convocatoria.
- As axudas PEL-Autonom@s serán incompatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos gastos durante o período subvencionado.
- As axudas PEL-Pemes serán compatibles con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos. En ningún caso a suma das axudas públicas recibidas para a mesma finalidade poderá ser superior ao custo do persoal subvencionado.

Réxime de *minimis*

As axudas do Plan de Empleo Local quedan sometidas ao réxime de *minimis* en todas as súas liñas.

11. PAGO DAS AXUDAS

O pago de cada unha das liñas de subvención farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento do obxecto para o cal foi concedida e realizarase **nun único pago** por liña, por importe máximo do total da subvención concedida.

O importe a xustificar polos/as beneficiarios/as en cada liña será o **orzamento de gasto** definitivamente aprobado para os conceptos de gasto subvencionables.

No caso de que xustifiquen un importe inferior, o importe a aboar reducirase en proporción ao importe efectivamente xustificado.

PEL-EMPRENDE INVESTIMENTO 2021

1. REQUISITOS

1.1. Requisitos específicos para persoas físicas.

Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas (Alta no RETA e alta da actividade no Certificado de Situación Censual no período comprendido entre o 9 de marzo de 2016 e o 9 de marzo de 2021).

1.2. Requisitos específicos para persoas xurídicas.

A data de constitución da empresa, atendendo á data de primeira inscrición no Rexistro público correspondente, **debe ter unha antigüidade máxima de 5 anos**, anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas (Alta no RETA e alta da actividade no Certificado de Situación Censual no período comprendido entre o 9 de marzo de 2016 e o 9 de marzo de 2021).

2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, aqueles investimentos que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade da empresa e que se atopen dentro dos seguintes códigos de concepto de gasto:

| Descrición da conta |
|--------------------------|
| Aplicacións informáticas |

| Descrición da conta |
|--|
| Nesta conta considerarase exclusivamente o importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos adquiridos a terceiros. |
| Maquinaria Conxunto de máquinas ou bens de equipo mediante os cales se realiza a extracción, elaboración dos produtos ou prestación de servizos. Nesta conta figurarán todos aqueles elementos de transporte interno que se destinen ao traslado de persoal, animais, materiais e mercadorías dentro de factorías, talleres, etc. sen saír ao exterior. |
| Mobiliario Mobiliario, material e equipos de oficina, coa excepción dos que deban figurar na conta 217. |
| Equipos para procesos de información Computadores e demais conxuntos electrónicos. |

Requisitos dos investimentos:

- Con carácter xeral, quedan **expresamente excluídas** en todos os conceptos contables as instalacións, os mantementos, os portes, as reparacións, obras, reformas, reparacións, cubertas, carpas, alugamentos, rotulacións, instalacións técnicas (climatización, iluminación, telefónicas...), páxinas web, hosting, dominios, mantementos das aplicacións informáticas, subscricións anuais, canons, elementos de transporte, o material funxible para a realización da actividade, artigos de decoración, televisores, iluminación, aparellos de climatización, os sistemas de seguridade, telefonía, teléfonos móbiles, routers, ...)
- Deben tratarse de investimentos en **elementos novos, directamente relacionados coa actividade**, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que non sexan fabricados pola empresa solicitante nin por unha terceira vinculada á mesma, nin por socios/as, administradores/as, nin membros da Xunta de Directiva, ou ex- socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venda ou calquera outro negocio xurídico.
- O importe de IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LGS)
- Os/as beneficiarios/as **non poderán**, en ningún caso, en virtude do artigo 29.7 d) de Lei Xeral de Subvencións e 68 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, **contratar total ou parcialmente os investimentos subvencionados con persoas ou entidades vinculadas ao mesmo**, nin con socios, administradores, membros da Xunta de Directiva, ou ex- socios, ex-administradores ou ex-membros da Xunta Directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento.

(Enténdese a vinculación cando exista unha coincidencia igual ou maior do 50% tanto no capital como no número de socios)

- Os/as beneficiarios/as **non poderán subcontratar aquelas actividades que poidan realizar por si mesmos e que serán aquelas que se atopan dentro do seu obxecto social** (artigo 29.2_Lei 38/2003 Xeral de Subvencións: “O/a beneficiario/a unicamente poderá subcontratar, total ou parcialmente, a actividade cando a normativa reguladora da subvención así o prevexa.”)
- A empresa que facture os bens debe estar dada de alta na actividade, recollida no Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria, correspondente aos servizos que facture, con anterioridade á data de emisión da factura.

3. CONTÍA DA SUBVENCIÓN

- Orzamento mínimo de gasto: **3.500,00 €** (excluído o IVE)
- Orzamento máximo de gasto: **25.000,00 €** (excluído o IVE)
- Porcentaxe máximo de subvención a solicitar sobre o orzamento presentado: **70%**.
- Importe máximo a conceder (excluído o IVE): **17.500,00€**

4. PERÍODO SUBVENCIONABLE

Con carácter xeral, **os investimentos deberán ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.**

5. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA LIÑA PEL EMPRENDE INVESTIMENTO

No momento da xustificación:

- **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberá achegar os seguintes documentos:
- **Facturas electrónicas ou escaneadas** (Só se admitirán tres facturas máximo por concepto de gasto subvencionado)
- **Xustificantes bancarios** acreditativos do pago de cada unha das facturas presentadas.
- **Memoria resumo dos investimentos realizados** durante o período xustificado.
- **Certificación de gastos realizados**
- **Documentación gráfica da publicidade** realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso .
- **Declaración da entidade na que indique si está exenta do IVE**, xa que só poderá considerarse imputable con cargo á subvención o importe de IVE non sexa susceptible de recuperación ou compensación pola entidade (art. 31.8 LGS)
- **Fotografía** dos bens adquiridos.
- **Polo menos tres ofertas de distintas empresas proveedoras** no caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) para adquirir equipamento, nos termos do artigo 31.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conforme co

disposto na Lei galega 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS

O criterio de valoración específico desta liña é o recollido na base 5 do Capítulo II:

| | |
|---|-----------|
| Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Emprnde Investimento 2020 | 10 puntos |
|---|-----------|

7. XUSTIFICACIÓN

O prazo máximo para a xustificación da axuda PEL Emprnde Investimento será o **30 de abril de 2022** segundo establecen as bases reguladoras de convocatoria de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade correspondente.

8. COMPROMISOS E OBRIGAS ESPECÍFICAS

Destinar os bens subvencionados ao fin concreto para o cal foi concedida a subvención por un período mínimo de **dous anos** desde a adquisición do ben. Salvo cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal deberán acreditar debidamente.

PEL-AUTONOM@S 2021

1. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais (inclúense ás persoas autónomas societarias) que **con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro** e reúnan os seguintes requisitos:

Estar dado de alta no **Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)** ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, **cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas (Alta no RETA e alta da actividade no Certificado de Situación Censual no período comprendido entre o 9 de marzo de 2016 e o 9 de marzo de 2021).

- Ter o **domicilio fiscal** nalgún concello da provincia da Coruña.
- Ter **unha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos** de exercicio continuado na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade/empresa.

- Non estar a recibir ningunha axuda por parte de ningún organismo para sufragar as cotas sociais de autónomo para o período subvencionado.

2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES E CONTÍA

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, parte do importe dos pagos realizados á Tesourería Xeral da Seguridade Social en concepto de cotas mensuais de autónomos correspondentes a cotas do 2021 non bonificadas por ningún outro organismo público nin privado.

A axuda consistirá no pago de 200 euros mensuais durante doce mensualidades como máximo, correspondentes aos meses do ano 2021 sendo o importe máximo a conceder 2.400 euros.

No caso de que o autónomo que solicite a axuda conte con outras bonificacións/reduccións/axudas na cota á seguridade social durante algúns dos meses do período subvencionable (ano 2021):

Deberán solicitar a axuda para aqueles meses onde non teña esa bonificación .

Para calcular o orzamento a realizar debe ter en conta soamente os meses onde non teña bonificacións/reduccións/axudas.

Debe calcular o orzamento a imputar tendo en conta que o máximo desta axuda son 3.429,00 €, dividilo entre 12 meses, para obter o importe a imputar por mes= 285,75 €. E esta cantidade multiplícala polo número de meses nos que non ten bonificacións na cota.

Exemplo:

Caso dun autónomo que paga a cuota da SS (sen bonificacións/reduccións) soamente durante 7 meses de 2021.

$3.429 \text{ €} / 12 \text{ meses} = 285,75 \text{ €}$

$285,75 \text{ €} \times (\text{N}^\circ \text{ meses onde non ten bonificacións na cota da SS: } 7 \text{ meses}) = 2.000,25 \text{ €}$

AS COTAS DO RÉXIME DO MAR NA SOLICITUDE PEL AUTONOM@S

Consonte á base 2ª do Capítulo III das Bases Reguladoras das axudas do Plan de Empleo Local, Liña 2.7 PEL-Autonom@s é requisito para ser beneficiario non estar a recibir ningunha axuda por parte de ningún organismo para sufragar as cotas sociais de autónomo para o período subvencionado.

Quedan comprendidas como axudas: as bonificacións, tarifas planas, ceses de actividade, reducións e coeficientes correctores das bases de cotización.

Neste sentido o RD Lei 47/2015, de 21 de outubro, reguladora de la protección social das persoas traballadoras do sector marítimo-pesqueiro, establece no seu artigo 11 que os grupos segundo e terceiro de cotización seranlles de aplicación un coeficiente corrector que vai dende dous tercios ata un tercio.

Polo tanto, de atoparse nestes casos, non podería ser beneficiario/a desta liña e non poderá solicitala.

3. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA LIÑA PEL-AUTÓNOM@S

(Documentación a presentar na FASE DE XUSTIFICACIÓN DE GASTOS)

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para ser beneficiario/a da subvención, que foron declarados no momento de presentación da solicitude mediante Declaración Responsable, indicados na base 3.3. Documentación a presentar do Capítulo I DISPOSICIÓN XERAIS E NORMAS COMÚNS, así como a documentación xustificativa específica da liña recollida neste apartado (base 7.2).

A subvención concedida farase efectiva tras a presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

- **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberá achegar a relación de xustificantes bancarios acreditativos do pago das 12 cotas á Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- **Certificación de gastos realizados** (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Memoria resumo das actividades desenvolvidas pola persoa beneficiaria durante o período xustificado** (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Documentación gráfica da publicidade realizada e ligazón á páxina web da entidade**, en caso de existir (logotipo descargable en SUBTeL).

4. COMPROMISOS E OBRIGAS ESPECIFICAS DA LIÑA

As persoas autónomas beneficiarias desta liña, deberán adquirir o compromiso de manter a actividade e a alta no RETA durante todo o período subvencionado.

5. XUSTIFICACIÓN

O **prazo máximo** para a xustificación da axuda PEL Emprende Investimento será o **30 de abril de 2022** segundo establecen as bases reguladoras de convocatoria de subvención dirixidas a entidades privadas da Deputación da Coruña para a anualidade correspondente.

PEL-PEMES CREACIÓN E AMPLIACIÓN 2021

1. REQUISITOS ESPECÍFICOS PEL-PEMES CRE/AMP:

- **Domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.**

- A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, ou a do autónomo, ha de estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.
- O posto de traballo a subvencionar debe ser un posto de nova creación. De maneira que si a entidade foi beneficiaria desta axuda en convocatorias anteriores debe constar de alta no seu cadro de persoal o/a traballador/a do/dos posto/s de traballo subvencionado/s en convocatorias anteriores.

(Bases: Punto 2. Capítulo I e IV. Destinatarios)

2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES

Os conceptos de gasto subvencionables nesta liña de axudas son os seguintes:

Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade

Conta 640: Soldos e salarios

Conta 642: Seguridade social a cargo da entidade

Así mesmo, tamén se entenderá como soldo e salario aquel que pague a empresa en concepto de **prestación por Incapacidade Temporal do/da traballador/a** no suposto excepcional de que acontecese.

Non serán subvencionables outros conceptos derivados da contratación:

- Horas extraordinarias.
- Indemnización fin de contrato.
- Incrementos salariais.
- Roupa de traballo.
- Dietas.
- Quilometraxe.
- Outras percepcións non salariais.

O plus de transporte non será subvencionable cando teña natureza extrasalarial, por percibirse en concepto de indemnización ou suplido polos gastos realizados como consecuencia da actividade laboral e non se satisfán durante os días que non se traballa. Non obstante, sí resultará subvencionable naqueles supostos cuxo pago sexa obrigado por convenio e se contabilice como unha percepción salarial obxecto de cotización.

3. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE

Cada empresa poderá solicitar a subvención para a **contratación dun/unha traballador/a durante un período de 12 meses**, durante os cales a **subvención cubrirá como máximo o 70% dos custos salariais totais** da persoa traballadora.

A contratación terá unha duración mínima de 12 meses. O contrato poderá ter unha duración superior a 12 meses, pero a subvención cubrirá unicamente os 12 primeiros meses do contrato.

As entidades poderán presentar un **orçamento máximo de custos salariais e de seguridade social de 22.000,00 € (40 horas semanais)**, do cal poderán solicitar, como máximo, o **70%**.

Importe máximo a solicitar e conceder: **15.400,00 €**.

4. PRAZO DE CONTRATACIÓN DO/A TRABALLADOR/A

Unicamente subvencionaranse **as contratacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2021 e ata un máximo de un mes a contar desde a data de publicación no Boletín Oficial da Provincia da resolución de concesión das subvencións.**

5. REQUISITOS DA PERSOA CONTRATAR

As persoas contratadas ou a contratar, deben cumprir, ademais dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes requisitos:

- Estar **empadroad/a** en calquera dos municipios da provincia da Coruña.
- Estar **en situación de desemprego** no momento da contratación e rexistrado/a como demandante de emprego nos Servizos Públicos de Emprego.

6. TIPO DE CONTRATACIÓN NON SUBVENCIONABLES

- As contratacións realizadas con traballadores/as que nos **6 meses anteriores á data da contratación** prestasen servizos **na mesma empresa** ou «única empresa» mediante un **contrato indefinido ou temporal**.

Isto tamén será de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do/a traballador/a con empresas ás cales a solicitante dos beneficios sucedese.

No suposto de traballadores/as que prestasen o seu servizo a través da **modalidade de contrato de formación ou convenio de prácticas** non se aplicará a exclusión anterior.

- As **persoas traballadoras que finalicen unha relación laboral de carácter indefinido noutra empresa nun prazo de 3 meses previos á formalización do contrato** polo que se solicita a subvención, agás que dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1. g), 51 e 52. c) do Estatuto dos traballadores.

- As **relacións laborais de carácter especial** previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores).
- As contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante **contratos de posta a disposición realizados con empresas de traballo temporal**.
- Os contratos realizados **co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade**, así como as que se produzan con estes últimos.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN ESPECÍFICOS DA LIÑA

Os criterios de valoración serán os **criterios comúns** recollidos na base 5 do capítulo I das bases reguladoras das axudas e os **criterios específicos** recollidos na base 6 do capítulo IV. Pel-Pemes Creación e Ampliación.

1. Forma de selección do persoal contratado/a contratar (Máximo 10 puntos):

| | | |
|--|--|-----------|
| Forma de selección do persoal contratado/a contratar | Servizo Público de Emprego de Galicia. Rede de Técnicos Locais de Emprego e Desenvolvemento Local. Rede de Persoal Orientador en Entidades Colaboradoras públicas. Axencias de colocación que sexan entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego. | 10 puntos |
| | Axencias de Colocación (entidades privadas). Portais de Emprego. Redes LinkedIn . Outras redes sociais de procura de emprego | 5 puntos |
| | Outros procesos de selección. | 3 puntos |

2. Características do contrato realizado/a realizar (Máximo 10 puntos):

| | | |
|--|---------------------------------------|-----------|
| Características do contrato realizado/a realizar | Contrato indefinido. Xornada completa | 10 puntos |
| | Contrato indefinido. Xornada parcial | 8 puntos |
| | Contrato temporal. Xornada completa | 5 puntos |
| | Contrato temporal. Xornada parcial | 3 puntos |

3. Características da persoa desempregada contratada/a contratar (Máximo 10 puntos):

| | | |
|---|---|-----------|
| Características da persoa desempregada contratada/a contratar | Contratación de polo menos un dos seguintes colectivos vulnerables: – Persoas desempregadas de longa duración (rexistradas durante máis dun ano) – Maiores de 45 anos / Menores de 30 anos. – Mulleres. – Persoa con grao de discapacidade igual ou superior ao 33% | 10 puntos |
|---|---|-----------|

4. Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-PEMES CRE/AMP 2020 (Máximo 10 puntos)

| | | |
|--|---|-----------|
| Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-PEMES CRE/AMP 2020 | O solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL-PEMES CRE/AMP 2020 | 10 puntos |
|--|---|-----------|

8. XUSTIFICACIÓN

O/a beneficiario/a da axuda deberá xustificar os gastos unha vez que transcorran os **12 meses da contratación**. Disporá dun prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos que será de **15 meses desde a data de publicación no BOP da resolución de concesión** da axuda.

9. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DA LIÑA (BASE 8.2.1 DO CAPÍTULO IV) A PRESENTAR NA FASE DE XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

No momento de presentar a xustificación de gastos deberán presentar a documentación xeral da xustificación de gastos e a documentación específica acreditativa da contratación.

- **Relación clasificada dos gastos realizados**, na que deberá achegar os seguintes documentos:

Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado e xustificantes de pago bancarios das mesmas.

Informes mensuais dos “Cálculos globais do/a traballador/a” emitidos pola Seguridade Social.

- **Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo/a traballador/a** durante o período xustificado
- **Certificación de ingresos recibidos**

- **Certificación de gastos realizados**

- **Informe de vida laboral de todas as contas de cotización da entidade beneficiaria da subvención** do período comprendido entre a data de publicación das bases reguladoras da axuda e a data de finalización do período subvencionado. No caso de que a persoa traballadora subvencionada sexa contratada en data anterior á publicación das bases deberá presentarse este informe desde o momento da contratación e ata o fin do período subvencionado.

- **Documentación gráfica da publicidade realizada** e ligazón á páxina web da entidade, en caso de existir .

- **Informe de Vida Laboral da empresa á data de solicitude** (só no caso de que a entidade sexa beneficiaria en convocatorias anteriores da axuda PEL-Pemes).

10. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ACREDITATIVA DA CONTRATACIÓN

Documentación a presentar na FASE DE XUSTIFICACIÓN:

- **Contrato de traballo** formalizado e debidamente comunicado á Oficina de Empleo correspondente.

- **Parte de alta** do/a traballador/a na **seguridade social**.

- **Informe de datos de cotización (IDC)** do/a traballador/a.

- **Autorización individual asinada por cada traballador/a** con contrato subvencionado para a cesión dos datos persoais á Deputación da Coruña, relacionada co seu contrato de traballo.

- **Tarxeta de demandante de emprego do/a traballador/a contratado/a** (para acreditar a contratación dunha persoa desempregada).

11. DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ACREDITATIVA SEGUNDO A VALORACIÓN REALIZADA

- **Comunicación do contrato ao Servizo Público de Empleo, co número de oferta** (só no caso daquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través dos Servizos Públicos de Empleo).

- **Copia do Informe do Técnico de Empleo do Concello, co número de oferta** (só no caso daquelas contratacións nas que a selección do/a traballador/a se realice a través da Rede de Técnicos de Empleo e Desenvolvemento Local).

- **Copia do Informe do Técnico de Empleo** (só no caso daquelas contratacións que se realicen a través doutras redes ou axencias públicas).

- **Documento acreditativo de realización da selección** (só no caso daquelas contratacións nas que a selección se realice a través de axencias de colocación privadas, portais de emprego ou redes sociais).

- **Informe de Vida Laboral do /da traballador/a** (só no caso daquelas contratacións de desempregados de de longa duración)

- **DNI do /a traballador/a** (no caso daquelas contratacións de maiores 45 ou menores de 30 anos e no caso de que se contrate a unha muller).
- **Certificado de discapacidade emitido pola administración competente** vixente na data de publicación da convocatoria (no caso de contratación de traballador/a con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%).

12. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os compromisos e obrigas dos beneficiarios son os recollidos na base 8 do Capítulo I e os compromisos específicos recollidos na base 7 do Capítulo IV.

No que se refire a esta liña Pel-Pemes Creación os compromisos máis destacables son:

- **Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria, desde a data de publicación das bases da axuda e durante todo o período subvencionado.** Para tal efecto enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa maior ao existente no momento de publicación das bases reguladoras da axuda.

No caso daquelas contratacións realizadas antes da publicación das bases reguladoras, a obriga do mantemento do emprego na empresa será desde o momento da contratación do/a traballador/a subvencionado/a.

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/unha traballador/a, ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do traballador e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

- **Declarar e comprometerse na presentación da solicitude que a persoa traballadora contratada/a contratar nesta convocatoria non é/será a mesma que aquela subvencionada en convocatorias anteriores** en calquera das liñas PEL-Pemes.

13. CAUSAS EXCEPCIONAIS. EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevidas debidamente xustificadas, os/as beneficiarios/as **poderán proceder a unha nova contratación no prazo máximo de 1 mes desde a extinción do contrato**, só no caso de que se trate dunha **baixa voluntaria ou despedimento procedente e ata un máximo de 2 novas contratacións**. Neste caso, o período a xustificar ampliarase no prazo correspondente ao tempo transcorrido entre a baixa e a nova contratación.

Os beneficiarios incurso en supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación segundo o que se indica no parágrafo anterior, deberán achegar a **documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a**:

- Carta de baixa voluntaria do/a traballador/a ou Carta de despedimento laboral.
- Documento de baixa na Seguridade Social do/a traballador/a.
- Documentación acreditativa da alta do/a novo/a traballador/a indicada na base 8.2.2 do Capítulo IV.

14. FORMA DE PAGO DAS NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS

Os/as beneficiarios/as deben utilizar formas de pago a terceiros (empregados, empresas provedoras) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria (empregado ou provedor do ben), o concepto, o pagador (perceptor da subvención), o importe e a data de pago: transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pago bancario no que quede identificado o pagador, beneficiario, importe e data de pago. En ningún caso se admitirá o pago en efectivo.

PEL-PEMES MANTEMENTO 2021

1. DESTINATARIOS/AS DAS AXUDAS

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a **pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as**, todos eles/elas **beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2020 que levaron a cabo a contratación de maneira indefinida con carácter previo á presentación da solicitude PEL-Pemes Mantemento 2021 e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria**, reúnan os seguintes requisitos indicados a continuación.

Requisitos:

- Domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes.
- Ter actividade económica con ánimo de lucro.
- A actividade da empresa, definida nos seus estatutos, ou a do/a autónomo/a, debe estar relacionada cos perfís profesionais da persoa contratada.

2. CONCEPTOS DE GASTO SUBVENCIONABLES

Os conceptos de gasto subvencionables son os seguintes, de acordo coa Resolución da presidencia nº 2016/12 de 04/01/2016, pola que se aproban as instrucións reguladoras da codificación dos conceptos de gasto que son obxecto de subvención provincial:

Descrición da conta, segundo o Plan xeral de contabilidade

Conta 640- Soldos e salarios

Conta 642- Seguridade social a cargo da entidade

Os gastos subvencionables comprenden unicamente os custos salariais, incluídas as cotas patronais á Seguridade Social.

Así mesmo, tamén se entenderá como soldo e salario aquel que pague a empresa en concepto de **prestación por Incapacidade Temporal do/da traballador/a** no suposto excepcional de que acontecese.

Non serán subvencionables outros conceptos derivados da contratación:

- Horas extraordinarias.
- Indemnización fin de contrato.
- Incrementos salariais.
- Roupa de traballo.
- Dietas.
- Quilometraxe.
- Outras percepcións non salariais.

O plus de transporte non será subvencionable cando teña natureza extrasalarial, por percibirse en concepto de indemnización ou suplido polos gastos realizados como consecuencia da actividade laboral e non se satisfán durante os días que non se traballa. Non obstante, sí resultará subvencionable naqueles supostos cuxo pago sexa obrigado por convenio e se contabilice como unha percepción salarial obxecto de cotización.

3. CONTÍA E PERÍODO SUBVENCIONABLE

Cada empresa poderá solicitar a subvención para os gastos correspondentes a 12 meses do/a traballador/a contratado/a de maneira indefinida acollido á subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2020.

Serán subvencionables os gastos de contratación desde o momento en que finalice o período subvencionable da convocatoria anterior (transcorridos os 12 primeiros meses de contrato relativos a PEL Pemes- Creación e Ampliación 2020, tendo en conta a posible ampliación no caso de que se tivese producido unha nova contratación por extinción da relación laboral do/a traballador/a anterior).

A contía máxima da subvención a solicitar e conceder será o 50% tendo en conta que os custos máximos estimados de contratación do/a traballador/a (por 40 horas semanas) son 22.000 €. E o importe máximo a conceder como axuda son 11.000 €.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS CONTRATADAS

As persoas contratadas, deben cumprir no momento de presentar a solicitude, ademais dos esixidos no Estatuto dos Traballadores e lexislación laboral da modalidade de contratación subvencionada, os seguintes:

- Estar empadroadado/a nun municipio da provincia da Coruña.
- Ter sido contratado/a na convocatoria PEL-Pemes Creación / Ampliación 2020.
- Ter contrato indefinido con carácter previo á presentación da solicitude da axuda PEL-Pemes Mantemento 2021 por parte da entidade solicitante.
- Ter a mesma categoría profesional na que foi contratado e subvencionado con cargo a PEL-Pemes Creación / Ampliación 2020, salvo que se produza unha mellora na categoría profesional.
- Ter a mesma xornada de traballo que na convocatoria anterior, salvo que se pase de parcial a completa.

5. TIPO DE CONTRATACIÓN NON SUBVENCIONABLES

- Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, do/a empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou que sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.
- Os contratos realizados con persoas que ostentan cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración nas empresas que revistan a forma xurídica de sociedades mercantís.

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración serán os **criterios comúns** recollidos na base 5 do capítulo I das bases reguladoras das axudas e os **criterios específicos** recollidos na base 6 do capítulo V. Pel-Pemes Mantemento.

En canto ao criterio específico desta liña, é o seguinte:

Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-PEMES MANT 2020 (Máximo 10 puntos)

| | | |
|--|--|-----------|
| Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL-PEMES CRE/AMP 2020 | O solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL-PEMES MANT 2020 | 10 puntos |
|--|--|-----------|

7. XUSTIFICACIÓN

O/a beneficiario/a disporá dun **prazo máximo** para presentar a **xustificación dos gastos da axuda** relativa aos 12 meses de contratación, que será o **23 de xaneiro de 2023**.

8. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA XUSTIFICACIÓN DE GASTOS (BASE 8.2. DO CAPÍTULO V)

- **Relación clasificada dos gastos realizados** (a cubrir na plataforma telemática Subtel), na que deberá achegar os seguintes documentos:
 - Nóminas mensuais escaneadas e asinadas electronicamente da persoa traballadora correspondentes ao período xustificado e xustificantes de pago bancarios das mesmas.
 - Informes mensuais dos “Cálculos globais do/a traballador/a” emitidos pola Seguridade Social.
- **Memoria resumo das actividades desenvolvidas polo/a traballador/a** durante o período xustificado (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Certificación de ingresos recibidos** (Impreso dispoñible en Subtel).
- **Certificación de gastos realizados** (Impreso descargable en Subtel).
- **Informe de datos de cotización (IDC)** do/a traballador/a.
- **Autorización individual asinada por cada traballador/a** con salario subvencionado para a cesión dos datos persoais á Deputación da Coruña, relacionada co seu contrato de traballo.
- **Informe de vida laboral da entidade beneficiaria** da subvención correspondente ao período subvencionado.
- **Documentación gráfica da publicidade realizada** e ligazón á páxina web da entidade, en caso de existir (logotipo descargable en Subtel).
- **Informe de Vida Laboral da empresa á data de solicitude** (só no caso de que a entidade sexa beneficiaria en convocatorias anteriores da axuda PEL-Pemes).

9. COMPROMISOS E OBRIGAS

Os compromisos e obrigas dos beneficiarios son os recollidos na base 8 do Capítulo I e os compromisos específicos recollidos na base base 7 do Capítulo V.

No que se refiere a esta liña Pel-Pemes Mantemento os compromisos máis destacables son:

- **Manter o nivel de emprego existente na empresa beneficiaria**, desde a data de publicación das bases reguladoras da axuda e durante todo o período subvencionado. Para tal efecto

enténdese que cumpre coa obriga de mantemento cando o número de traballadores da empresa na data de finalización do período subvencionado sexa igual ao existente na finalización do período subvencionado da convocatoria anterior PEL Pemes CRE/AMP 2020.

Enténdese que o/a beneficiario/a da subvención cumpre con esta obriga cando a causa da baixa do contrato sexa o falecemento dun/unha traballador/a, ou pase á situación de incapacidade laboral permanente, nos seus graos de incapacidade total, absoluta ou gran invalidez, a xubilación total, ou despedimento disciplinario recoñecido ou declarado como procedente ou baixa voluntaria do/da traballador/a e pola finalización de contratos para a formación e a aprendizaxe, de contratos en prácticas e de contratos de duración determinada, previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores.

10. CAUSAS EXCEPCIONAIS. EXTINCIÓN DA RELACIÓN LABORAL

No suposto de extinción da relación laboral da persoa traballadora pola que se concedeu a subvención por causas sobrevidas debidamente xustificadas, os/as beneficiarios/as **poderán proceder a unha nova contratación no prazo máximo de 1 mes desde a extinción do contrato**, só no caso de que se trate dunha **baixa voluntaria ou despedimento procedente e ata un máximo de 2 novas contratacións**. Neste caso, o período a xustificar ampliarase no prazo correspondente ao tempo transcorrido entre a baixa e a nova contratación.

Os beneficiarios incurso en supostos excepcionais de extinción da relación laboral que procedan a realizar unha nova contratación segundo o que se indica no parágrafo anterior, deberán achegar a **documentación relativa á baixa anterior e alta do/a novo/a traballador/a**:

- Carta de baixa voluntaria do/a traballador/a ou Carta de despedimento laboral.
- Documento de baixa na Seguridade Social do/a traballador/a.
- Documentación acreditativa da alta do/a novo/a traballador/a indicada na base 8.3 do Capítulo V.

11. FORMA DE PAGO DAS NÓMINAS E SEGUROS SOCIAIS

Os/as beneficiarios/as deben utilizar formas de pago a terceiros (empregados, empresas provedoras) que poidan acreditarse mediante un documento expedido por entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria (empregado ou provedor do ben), o concepto, o pagador (perceptor da subvención), o importe e a data de pago: transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pago bancario no que quede identificado o pagador, beneficiario, importe e data de pago.

En ningún caso se admitirá o pago en efectivo.